

Autora e ilustradora: **CHRISTIANE PIEPER**

Tradución: **PEPE MARTÍNEZ GARCÍA**

Encadernado en cartón. 22x22 cm.

40 páxinas a toda cor

Dispoñible en:

-Galego: "Sen rumbo polo mundo, Catalina e o Oso".

Demademora. ISBN 84-95123-20-7

-Castelán: "Sin rumbo por el mundo, Catalina y el Oso"

Libros para Soñar. ISBN 84-95123-62-2

-Portugués: "Sem rumo pelo mundo, Catarina e o urso".

Livros para sonhar. ISBN 972-8781-27-X

Prezo: 13 €

SEN RUMBO POLO MUNDO, CATARINA E O OSO



O Oso vagaroso andaba polo mundo sen rumbo (e Catarina aos seu rabo...) ás veces, recuando... ás veces, avanzando...

Xuntos pasean a unha, dúas, tres e a catro patas... E ese paseo convértese nunha viaxe sorprendente na que Catalina e o Oso percorren o mar, a montaña, o deserto, o día e a noite.

"Sen rumbo polo mundo, Catarina e o Oso" é a historia dunha amizade y un relato de aventuras que alcanza a dar a volta ao mundo dende a primeira ata a última das dúas páxinas. Unha obra que lles ofrece aos máis pequenos xogos numéricos, espaciais e psicomotrices, que a fan especialmente adecuada para primeiros lectores e mesmo pre-lectores.

Este libro ten a súa continuación coa obra titulada "Catarina, o Oso e Pedro", na que se incorpora o personaxe dun neno con discapacidade que se despraza en cadeira de rodas. Trátase dun álbum que contribúe a romper barreiras, non só físicas, senón tamén mentais, e a demostrar que o movemento faise andando... ou rodando.

CHRISTIANE PIEPER

(Bergischen, Alemaña, 1962)

Comezou a súa formación profesional estudando psicoloxía en Giessen, campo que cambiou polo da comunicación visual en Kassel e Düsseldorf. O seu primeiro álbum ilustrado publicouse en 1993 na editorial Peter Hammer (Alemaña). Ata a actualidade ilustrou uns 40 libros infantís de varios estilos e técnicas, dende o branco e negro ata os de pinceladas impresionistas con pintura acrílica.

Entre outros galardóns, recibiu o Premio de Álbum Ilustrado de Troisdorf. Dende 1993 vive e traballa en Wuppertal como ilustradora, para editoriais de Alemaña, Europa e India. A súa obra expúxose en países europeos, asiáticos e africanos. "Sen rumbo polo mundo, Catarina e o Oso", foi o primeiro libro do que tamén foi autora, ademais de ilustradora. A este título segulle unha segunda parte titulada "Catarina, o oso e Pedro", que introduce o tema da discapacidade.

- **Temática:** as viaxes, o mundo
- **Idade recomendada:** a partir de 4 anos
- **Aspectos destacables:** historia sobre a amizade, ilustracións de estilo impresionista e dotadas de gran luminosidade; primeira parte de "Catarina, o Oso e Pedro"
- **Aplicacións:** descubrir os diversos medios de locomoción, as viaxes outros países, coas súas respectivas culturas.

